



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 13 de xaneiro de 2010
HORA DE COMEZO: 20:30 horas
HORA DE REMATE: 22:15 horas.

ASISTENTES:

D. Adolfo Gacio Vázquez
D^a. Adela Redondo Rendo
D. Manuel Mouriño Varela
D. Jesús Sanjuás Mera
D. Jesús J. Santasmarinas Devesa
D. José M^a Fernández Vázquez
D^a. Dolores García Couto
D. José Antonio Becerra Couto
D. José Viaño Rey
D. Perfecto Barcala Mosquera
D. Juan Neira Moure

AUSENTES:

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde D. Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Toma posesión concellal.**
- 3. Recoñecemento extraxudicial de crédito**
- 4. Aprobación inicial Ordenanza número 29 (Telefonía)**
- 5. Aprobación xestión do servizo de saneamento. Inicio contratación.**
- 6. Aprobación inicial modificación normas subsidiarias municipais.**
- 7. Información alcaldía.**
- 8. Rogos e preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Co voto a favor de tódolos presentes neste momento, apróbase a acta da sesión plenaria celebrada o día 11 de novembro de 2009.

2.Toma posesión concellal.

Neste intre entra na sesión do Pleno o concelleiro don José María Fernández Vázquez.

Na sesión plenaria do 11 de novembro de 2009, tomouse razón da renuncia presentada polo concelleiro don José Manuel Iglesias Gómez, ao que substitúe don José Antonio Becerra Rodríguez, cuxa credencial foi remitida pola Xunta Electoral Central ao concello o día 30/11/2009 polo que procede a toma de posesión do novo concelleiro e pola secretaria pregúntaselle a don José Antonio Becerra Rodríguez se xura ou promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do estado.

Responde o sr. Becerra Rodríguez que o xura e queda polo tanto designado concelleiro municipal do Partido Popular e concelleiro delegado da “Concellería de Novas Tecnoloxías e Innovación”.

O sr. Viaño dalle a benvida ao novo concelleiro e animao a traballar polos veciños de Boqueixón e labor fructífera no tempo que queda la lexislatura.

O sr. alcalde, deséxalle o mesmo e éxito na súa labor.

3.Recoñecemento extraxudicial de crédito.

Dase conta da factura presentada polo grupo PAPACHANGOS TEATRO o 2 de decembro de 2009, por unha actuación no concello de acordo co convenio asinado coa Deputación Provincial da Coruña para o ano2008. O importe da factura ascende a 661 €.

Consta o informe da titular do departamento de cultura do concello de data 17/12/2009, no cal sinala que o grupo de teatro PAPACHANGOS, da asociación Fonte da Virxe, actuou no centro sociocultural de Codeso o día 16 de novembro de 2008, de acordo co convenio asinado coa Deputación Provincial (Rede Cultural 2008)

O sr. Viaño dí o seguinte: “ como pasa en moitas ocasións nos últimos tempos, aparecen facturas atrasadas de exercizos anteriores que quedaron sen presentar ou sen pagar polo concello.

Temos que mellorar a xestión económica e evitar estes feitos. As empresas deben presentar as facturas no mes seguinte do remate das obras ou da realización do servizo. Non podemos atoparnos con feitos como este que aínda non é dos peores, pois xa aprobamos facturas en Pleno de dous anos antes porque non se tiñan presentado.”

O sr. alcalde di que a partir deste ano farán o que outras administracións: comunicar ás empresas que a partir do 15 de novembro non presenten facturas, salvo aquelas xeradas a última hora que sexan necesarias e inevitables.

O sr. Viaño di que precisamente a finais de decembro é cando se presentan o maior número de facturas.

O sr. alcalde , di que algunha haberá para recoñecer, pois algunha si se presentou a finais, pero serán poucas.

Coa abstención dos representantes do P.S.deG. e a favor do P.P. acórdase aprobar e aboar con cargo ao presuposto xeral municipal do 2010 a seguinte factura:

Nº	Razón Social	Actuación	Importe
14	PAPACHANGOS TEATRO	16/11/2008 en Codeso	661 €.

4.Aprobación inicial Ordenanza número 29 (Telefonía)

Dase conta da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial de dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros de interese xeral.

A continuación o sr. Viaño di o seguinte: “ Antes de nada felicitar á secretaria – intervención polo exhaustivo e documentado informe técnico económico que se acompaña.

Responde a secretaria – interventora, que realmente este informe foi elaborado pola Deputación Provincial.

Por outra banda (segue dicindo o sr. Viaño) dicir que comprendemos a necesidade urxente do concello en buscar financiamento, aínda que sexa de debaixo das pedras e esté a modificar ou aprobar todas as ordenanzas que se lle ocorren ou poden existir. Está claro que se a situación económica que atravesamos non fora tan mala, probablemente non se apresuraría tanto a aprobar estas taxa..

Sen embargo, o que nos tememos é que como cunda o exemplo e todos os concellos veñan aprobando esta ordenanza , os que resultan prexudicados serán os cidadáns que verán incrementados os prezos da telefonía e os seus recibos.

Polo tanto, seremos os cidadáns de a pé, os que acabaremos pagando os despropósitos da xestión económica desordenada do goberno municipal de Boqueixón.

Podemos comprender que se establezca esta taxa, pois xa existen outras para a telefonía fixa e outros servizos, pero rexeitamos que só se acorden desto cando a economía vai mal, porque xa levamos case dúas décadas con proliferación dos teléfonos móbiles e a implantación das antenas de telefonía móbil.

Por outro lado, esperemos que estas taxas non fagan desistir ás empresas menos implantadas da súa aposta por Boqueixón o cal sería negativo para os intereses dos veciños por falta de competencia entre empresas ao non ter a cobertura suficiente.

Loxicamente tampouco podemos entrar a valorar a cuestión das contías por descoñecemento teórico destes aspectos, polo que, neste caso como noutros anteriores, aceptamos o informe de intervención”.

Termina dicindo o sr. Viaño que aceptan esta proposta porque comprende que se grave o uso que fan as compañías do dominio público.

Responde o sr. alcalde, que en principio pensaba que estaba defendendo as compañías telefónicas, ao que responde o sr. Viaño que para nada, pero que sí se pregunta porque se presenta agora.

A secretaria di que en parte é debido a unha sentenza do Tribunal Supremo do 16 de febreiro de 2009 , ditada ó resolver un recurso de casación interposto por Vodafone España S.A. contra unha sentenza do contencioso – administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña.

O Tribunal Supremo admite a posibilidade de suxeitar aos operadores de telefonía móbil á taxa municipal por aproveitar o dominio público.

O sr. alcalde di que , efectivamente é debido a esa sentenza e tamén porque varios concellos a están aprobando.

Sen máis , por unanimidade acórdase:

1.- Aprobar a seguinte ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial de dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros de interese xeral:

ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DE LA TASA POR APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUMINISTROS DE INTERÉS GENERAL.

Artículo 1º. Fundamento y naturaleza

Al amparo de lo previsto en los artículos 57, 20 y 24.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se regula la tasa por utilización privativa o aprovechamientos especiales constituidos en el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, a favor de empresas explotadoras de servicios de suministros que resulten de interés general o afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario, que se regirá por la presente Ordenanza fiscal.

Artículo 2º. Hecho imponible

1. Constituye el hecho imponible de la tasa el disfrute de la utilización privativa, o los aprovechamientos especiales constituidos en el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, a favor de empresas o entidades que utilizan el dominio público para prestar los servicios de suministros que resulten de interés general o afecten a la generalidad o una parte importante del vecindario.

2. El aprovechamiento especial del dominio público se producirá siempre que para la prestación del servicio de suministro se deban utilizar antenas, instalaciones o redes que materialmente ocupan el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, con independencia de quien sea el titular de aquéllas.

3. En particular, se comprenderán entre los servicios referidos en los apartados anteriores, los suministros de agua, gas, electricidad, telefonía fija, telefonía móvil y otros medios de comunicación, que se presten, total o parcialmente, a través de redes y antenas fijas que ocupan el dominio público municipal.

4. El pago de la tasa regulada en esta Ordenanza supone la exclusión expresa de la exacción de otras tasas derivadas de la utilización privativa o el aprovechamiento especial constituido en el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, necesarios para la prestación de los servicios de suministros de interés general.

Artículo 3º. Sujetos pasivos

1. Son sujetos pasivos las empresas o entidades explotadoras de servicios de suministro que resulten de interés general o afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario, tales como los de abastecimiento de agua, suministro de gas, electricidad, telefonía (fija o móvil) y otros análogos, así como también las empresas que explotan la red de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable o cualquier otra técnica, independientemente de su carácter público o privado.

A estos efectos, se incluyen entre las empresas explotadoras de dichos servicios las empresas distribuidoras y comercializadoras de los mismos.

2. Tienen la consideración de sujetos pasivos las empresas o entidades explotadoras a que se refiere el apartado anterior, tanto si son titulares de las correspondientes redes a través de las cuales se efectúen los suministros como si, no siendo titulares de dichas redes, lo son de derechos de uso, acceso o interconexión a las mismas.

3. También serán sujetos pasivos de la tasa las empresas y entidades, públicas o privadas, que presten servicios, o exploten una red de comunicación en el mercado, conforme a lo previsto en los artículos 6 y concordantes de la Ley 32/2003, de 3 noviembre, general de telecomunicaciones.

4. Las empresas titulares de las redes físicas, a las cuales no les resulte aplicable lo que se prevé en los apartados anteriores, están sujetas a la tasa por ocupaciones del suelo, el subsuelo y el vuelo de la vía pública, regulada en la Ordenanza fiscal correspondiente.

Artículo 4º. Sucesores y responsables

1. Las obligaciones tributarias pendientes de las sociedades y entidades con personalidad jurídica disueltas y liquidadas se transmitirán a los socios, copartícipes o cotitulares, que quedarán obligados solidariamente hasta los límites siguientes:

- a) Cuando no exista limitación de responsabilidad patrimonial, la cuantía íntegra de las deudas pendientes.
- b) Cuando legalmente se haya limitado la responsabilidad, el valor de la cuota de liquidación que les corresponda.

Podrán transmitirse las deudas devengadas en la fecha de extinción de la personalidad jurídica de la sociedad o entidad, aunque no estén liquidadas.

2. Las obligaciones tributarias pendientes de las sociedades mercantiles, en supuestos de extinción o disolución sin liquidación, se transmitirán a las personas o entidades que sucedan, o sean beneficiarios de la operación.

3. Las obligaciones tributarias pendientes de las fundaciones, o entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, en caso de disolución de las mismas, se transmitirán a los destinatarios de los bienes y derechos de las fundaciones, o a los partícipes o cotitulares de dichas entidades.

4. Las sanciones que procedan por las infracciones cometidas por las sociedades y entidades a las cuales se refieren los apartados anteriores se exigirán a los sucesores de aquéllas, hasta el límite del valor de la cuota de liquidación que les corresponda.

5. Responderán solidariamente de la deuda tributaria las personas o entidades siguientes:

- a) Las que sean causantes o colaboren activamente en la realización de una infracción tributaria. Su responsabilidad se extiende a la sanción.
- b) Los partícipes o cotitulares de las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, en proporción a sus respectivas participaciones.
- c) Los que sucedan por cualquier concepto en la titularidad de explotaciones económicas, por las obligaciones tributarias contraídas por el anterior titular y derivadas de su ejercicio.

Se exceptúan de responsabilidad las adquisiciones efectuadas en un procedimiento concursal.

6. Responderán subsidiariamente de la deuda tributaria:

a) los administradores de hecho o de derecho de las personas jurídicas que no hubieran realizado los actos necesarios de su incumbencia para el cumplimiento de las obligaciones tributarias hasta los límites siguientes:

- Cuando se han cometido infracciones tributarias responderán de la deuda tributaria pendiente y de las sanciones.
 - En supuestos de cese de las actividades, por las obligaciones tributarias devengadas, que se encuentren pendientes en la fecha de cese, siempre que no hubieran hecho lo necesario para su pago o hubieran tomado medidas causantes de la falta de pago.
- b) Los integrantes de la administración concursal y los liquidadores de sociedades y entidades que no hubiesen realizado las gestiones necesarias para el cumplimiento de las obligaciones tributarias devengadas con anterioridad.

7. La responsabilidad se exigirá en todo caso en los términos y de acuerdo con el procedimiento previsto en la Ley General Tributaria.

Artículo 5 ° - Servicio de telefonía móvil - Base imponible y cuota tributaria

1. Para determinar la cuantía de la tasa por utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público municipal por parte de los servicios de telefonía móvil,

que precisan utilizar la red de telefonía fija instalada en este Municipio, se aplicarán las siguientes fórmulas de cálculo:

a) Base imponible

La base imponible, deducida de la estimación del aprovechamiento especial del dominio público por el servicio de telefonía móvil se calcula:

$$BI = Cmf * Nt + (NH * Cmm)$$

Siendo:

Cmf = consumo telefónico medio estimado, en líneas de telefonía fija, por llamadas procedentes de teléfonos móviles. Su importe para el ejercicio 2010 es de 58,9 euros/año.

Nt = N° de teléfonos fijos instalados en el Municipio, en el año 2008, que es de... 1.294

NH = 95% del número de habitantes empadronados en el Municipio. En 2008:... 4.223

Cmm = Consumo medio telefónico, estimado por teléfono móvil por llamadas de móvil a móvil. Su importe para 2010 es de 279,1 euros/año.

b) Cuota básica

La cuota básica global se determina aplicando el 1,4 por 100 a la base imponible:

$$QB = 1,4\% \text{ s/ BI}$$

$$\text{Cuota tributaria/operador} = CE * QB$$

Siendo:

CE = coeficiente atribuible a cada operador, según su cuota de participación en el mercado, incluyendo las modalidades de pospago y prepago.

El valor de la cuota básica (QB) para 2010 es de... 17.567,01 euros.

c) Imputación por operador

Para 2010 el valor de CE y la cuota trimestral a satisfacer por cada operador son los siguientes:

	CE	Cuota trimestral
Movistar	48,87%	2.146,25 €
Vodafone	33,10%	1.453,67 €
Orange	16,58%	728,15 €
Yoigo	0,71%	31,18 €
Otros	0,76%	33,38 €

Las cuotas trimestrales a satisfacer por los operadores relacionados son la cuarta parte del importe que resulta de aplicar el coeficiente CE a la cuota básica establecida en el apartado b) de este artículo.

A efectos de determinar el coeficiente CE, los sujetos pasivos podrán probar ante el ayuntamiento que el coeficiente real de participación en el ejercicio anterior al de devengo de la tasa ha sido inferior. En este caso, las autoliquidaciones trimestrales se ajustarán aplicando el coeficiente acreditado por el obligado tributario.

Artículo 6 - Otros servicios diferentes de la telefonía móvil – Base imponible y cuota tributaria

1. Cuando el sujeto pasivo sea titular de la red que ocupa el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas, mediante la cual se produce el disfrute del aprovechamiento especial del dominio público local, la base imponible está constituida por la cifra de ingresos brutos procedentes de la facturación que obtengan anualmente en el término municipal las empresas o entidades señaladas en el artículo 3 de esta Ordenanza.

2. Cuando para el disfrute del aprovechamiento especial a que se refiere el apartado anterior, el sujeto pasivo haya utilizado redes ajenas, la base imponible de la tasa está constituida por la cifra de ingresos brutos obtenidos anualmente en el término municipal minorada en las cantidades que deba abonar al titular de la red, por el uso de la misma.

3. A los efectos de los apartados anteriores, tienen la consideración de ingresos brutos procedentes de la facturación aquéllos que, siendo imputables a cada entidad, hayan sido obtenidos por la misma como contraprestación por los servicios prestados en este término municipal, en desarrollo de la actividad ordinaria; sólo se excluirán los ingresos originados por hechos o actividades extraordinarias.

A título enunciativo, tienen la consideración de ingresos brutos las facturaciones por los conceptos siguientes:

- a) Suministros o servicios de interés general, propios de la actividad de la empresa que corresponden a consumos de los abonados efectuados en el Municipio.
- b) Servicios prestados a los consumidores necesarios para la recepción del suministro o servicio de interés general propio del objeto de la empresa, incluyendo los enlaces en la red, puesta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión y sustitución de los contadores o instalaciones propiedad de la empresa.
- c) Alquileres, cánones, o derechos de interconexión percibidos de otras empresas suministradoras de servicios que utilicen la red de la entidad que tiene la condición de sujeto pasivo.
- d) Alquileres que han de pagar los consumidores por el uso de los contadores, u otros medios utilizados en la prestación del suministro o servicio.
- e) Otros ingresos que se facturen por los servicios resultantes de la actividad propia de las empresas suministradoras.

4. No se incluirán entre los ingresos brutos, a estos efectos, los impuestos indirectos que gravan los servicios prestados ni las partidas o cantidades cobradas por cuenta de terceros que no constituyan un ingreso propio de la entidad que es sujeto pasivo de la tasa.

5. No tienen la consideración de ingresos brutos procedentes de la facturación los

conceptos siguientes:

- a) Las subvenciones de explotación o de capital que las empresas puedan recibir.
- b) Las indemnizaciones exigidas por daños y perjuicios, a menos que sean compensación o contraprestación por cantidades no cobradas que se han de incluir en los ingresos brutos definidos en el apartado 3.
- c) Los ingresos financieros, como intereses, dividendos y cualesquiera otros de naturaleza análoga.
- d) Los trabajos realizados por la empresa para su inmovilizado.
- e) Las cantidades procedentes de enajenaciones de bienes y derechos que forman parte de su patrimonio.

6. Las tasas reguladas en esta Ordenanza exigibles a las empresas o entidades señaladas en el artículo 3 de esta Ordenanza, son compatibles con otras tasas establecidas, o que pueda establecer el Ayuntamiento, por la prestación de servicios o realización de actividades de competencia local, de las que las mencionadas empresas sean sujetos pasivos.

7. La cuantía de la tasa se determina aplicando el 1,5 por 100 a la base imponible definida en este artículo.

Artículo 7º. Periodo impositivo y devengo de la tasa

1. El periodo impositivo coincide con el año natural salvo los supuestos de inicio o cese en la utilización o aprovechamiento especial del dominio público local necesario para la prestación del suministro o servicio, casos en que procederá aplicar el prorrateo trimestral, conforme a las siguientes reglas:

- a) En los supuestos de altas por inicio de actividad, se liquidará la cuota correspondiente a los trimestres que restan para finalizar el ejercicio, incluido el trimestre en que tiene lugar el alta.
- b) En caso de bajas por cese de actividad, se liquidará la cuota que corresponda a los trimestres transcurridos desde el inicio del ejercicio, incluyendo aquel en que se origina el cese.

2. La obligación de pago de la tasa regulada en esta Ordenanza nace en los momentos siguientes:

- a) Cuando se trata de concesiones o autorizaciones de nuevos aprovechamientos, en el momento de solicitar la licencia correspondiente.
- b) Cuando el disfrute del aprovechamiento especial a que se refiere el artículo 1 de esta ordenanza no requiera licencia o autorización, desde el momento en que se ha iniciado el citado aprovechamiento. A tal efecto, se entiende que ha comenzado el aprovechamiento especial cuando se inicia la prestación de servicios a los usuarios que lo soliciten.

3. Cuando los aprovechamientos especiales del suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas se prolongan durante varios ejercicios, el devengo de la tasa tendrá lugar el 1 de enero de cada año y el período impositivo comprenderá el año natural.

Artículo 8º. Régimen de declaración y de ingreso – Servicios de telefonía móvil

1. Las empresas operadoras de servicios de telefonía móvil relacionadas en el artículo 5 de esta Ordenanza deberán presentar la autoliquidación y efectuar el ingreso de la cuarta parte resultante de lo que establece dicho artículo en los meses de abril, julio, octubre y diciembre
2. Otras empresas prestadoras de servicios de telefonía móvil presentarán su declaración en base a los parámetros establecidos en el artículo 5 y teniendo en cuenta el período de prestación efectiva de los servicios durante el año 2010.
3. Una vez concluido el ejercicio 2010 los sujetos pasivos que probaran, en base de datos oficiales, que su participación en este período hubiera diferido del porcentaje aplicado a efectos del cómputo de la tasa regulada en la presente ordenanza, podrán solicitar la regularización procedente.

Artículo 9º. Régimen de declaración e ingreso – Otros servicios

1. Respecto a los servicios de suministro regulados en el artículo 6º de esta Ordenanza, se establece el régimen de autoliquidación para cada tipo de suministro, que tendrá periodicidad trimestral y comprenderá la totalidad de los ingresos brutos facturados en el trimestre natural al que se refiera. El cese en la prestación de cualquier suministro o servicio de interés general, comporta la obligación de hacer constar esta circunstancia en la autoliquidación del trimestre correspondiente así como la fecha de finalización.
2. Se podrá presentar la declaración final el último día del mes siguiente o el inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Se presentará al Ayuntamiento una autoliquidación para cada tipo de suministro efectuado en el término municipal, especificando el volumen de ingresos percibidos por cada uno de los grupos integrantes de la base imponible, según detalle del artículo 6.3 de esta Ordenanza. La especificación referida al concepto previsto en la letra c) del mencionado artículo, incluirá la identificación de la empresa o empresas suministradoras de servicios a las que se haya facturado cantidades en concepto de peaje.

La cuantía total de ingresos declarados por los suministros a que se refiere el apartado a) del mencionado artículo 6.3 no podrá ser inferior a la suma de los consumos registrados en contadores, u otros instrumentos de medida, instalados en este Municipio.

3. Las empresas que utilicen redes ajenas deberán acreditar la cantidad satisfecha a los titulares de las redes con el fin de justificar la minoración de ingresos a que se refiere el artículo 6.2 de la presente Ordenanza. Esta acreditación se acompañará de la identificación de la empresa o entidad propietaria de la red utilizada.
4. Se expedirá un documento de ingreso para el interesado, que le permitirá satisfacer la cuota en los lugares y plazos de pago que se indiquen.
5. Por razones de coste y eficacia, cuando de la declaración trimestral de los ingresos brutos se derive una liquidación de cuota inferior a 6 euros, se acumulará a la siguiente. La presentación de las autoliquidaciones después del plazo fijado en el punto 2 de este artículo comportará la exigencia de los recargos de extemporaneidad, según lo que

prevé el artículo 27 de la Ley General Tributaria.

6. La empresa “Telefónica de España, S.A.U.”, a la cual cedió Telefónica, S.A. los diferentes títulos habilitantes relativos a servicios de telecomunicaciones básicas en España, no deberá satisfacer la tasa porque su importe queda englobado en la compensación del 1,9 % de sus ingresos brutos que satisface a este Ayuntamiento.

Las restantes empresas del “Grupo Telefónica”, están sujetas al pago de la tasa regulada en esta ordenanza. En particular, Telefónica Móviles España, S.A. esta sujeta a la tasa, en los términos regulados en el artículo 5 de la presente ordenanza.

Artículo 10º. Infracciones y sanciones

1. La falta de ingreso de la deuda tributaria que resulta de la autoliquidación correcta de la tasa dentro de los plazos establecidos en esta ordenanza, constituye infracción tributaria tipificada en el artículo 191 de la Ley General Tributaria, que se calificará y sancionará según dispone el mencionado artículo.

2. El resto de infracciones tributarias que se puedan cometer en los procedimientos de gestión, inspección y recaudación de esta tasa se tipificarán y sancionarán de acuerdo con lo que se prevé en la Ley General Tributaria, en el Reglamento General de las actuaciones y los procedimientos de gestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 y en la Ordenanza General de Gestión, Inspección y Recaudación de los ingresos de derecho Público municipales.

3. La falta de presentación de forma completa y correcta de las declaraciones y documentos necesarios para que se pueda practicar la liquidación de esta tasa constituye una infracción tributaria tipificada en el artículo 192 de la Ley General Tributaria, que se calificará y sancionará según dispone el mencionado artículo.

Disposición adicional 1ª - Actualización de los parámetros del artículo 5º

Las ordenanzas fiscales de los ejercicios futuros podrán modificar el valor de los parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt, NH si así procede.

Si no se modifica la presente ordenanza, continuarán siendo de aplicación los parámetros establecidos para el ejercicio 2010.

Si la presente ordenanza debe ser aplicada después de 2010, las referencias a este año, contenidas en los artículos 5 y 8, deben entenderse realizadas respecto a cada uno de los ejercicios en que se aplique la ordenanza.

Disposición adicional 2ª. Modificación de los preceptos de la ordenanza y de las referencias que hace a la normativa vigente, con motivo de la promulgación de normas posteriores

Los preceptos de esta Ordenanza fiscal que, por razones sistemáticas reproduzcan aspectos de la legislación vigente y otras normas de desarrollo, y aquéllas en que se hagan remisiones a preceptos de ésta, se entenderá que son automáticamente modificados y/o sustituidos, en el momento en que se produzca la modificación de los

preceptos legales y reglamentarios de que traen causa.

Disposición final

La presente ordenanza aprobada por el pleno de la corporación municipal entrará en vigor una vez publicada definitivamente en el boletín oficial de la provincia y regirá desde el 1 de enero de 2011 y se mantendrá vigente hasta su modificación o derogación expresa.

2.- Expoñer ao público este acordo durante 30 días, mediante publicación no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do concello, a efectos de presentación de posibles reclamacións.

3.- No caso de non presentarse reclamacións considerar este acordo definitivamente aprobado e proceder coa publicación do texto íntegro da ordenanza no boletín oficial da provincia

5.Aprobación xestión do servizo de saneamento. Inicio contratación.

O pleno da corporación en sesión celebrada o día 9 de xaneiro de 2008, acordou deixar deserto o concurso para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de sumidoiros.

O servizo, que é de prestación obrigatoria polo concello, estase prestando directamente o cal resulta bastante dificultoso tanto por falta de medios persoais coma materiais para prestar este tipo de servizo con calidade para os cidadáns.

Tendo en conta que o concello xa ten establecidas as tarifas para a prestación do servizo tal como foran aprobadas na sesión plenaria que tivo lugar o día 9/ 10 /2003, modificadas no pleno celebrado o día 9/09/2009, proponse ao Pleno a aprobación da xestión indirecta e a contratación do servizo.

O sr. Viaño di : “ xa fai algún tempo que tratamos este tema e vostedes quixeron convencernos de que era mellor que xestionase este servizo o concello directamente.

Noutra ocasión xa advertimos que o incremento descontrolado dos servizos xestionados desde o concello poden dar lugar a problemas económicos, sobre todo cando implica a necesidade de maquinaria, pois causa un gasto esaxerado en mantemento.

O tempo danos a razón e agora volven traer ao Pleno a adxudicación do contrato do servizo público de sumidoiros que xa quedara deserto no Pleno do 9 de xaneiro de 2008. Agora, un ano despois, vistas as dificultades como se di na proposta da alcaldía, tanto por falta de medios persoais como materiais.

Seguramente por esas dificultades están en situación deplorable as depuradoras da Gastrar, Ledesma e Lestedo que xa foron denunciadas por Medio Ambiente en sendos escritos dirixidos a este concello.

Os verquidos de augas mal depuradas aos regos e ríos faise sen control. ¿ Quen é o responsable ?

Un concello que vive de costas a eses problemas que son os que hipotecan o futuro, e despois adherirse á rede de concellos saudables, apostan pola vida saudable e fan unha ruta de pescadores río abaixo de onde verten as augas mal depuradas dunha depuradora dos da rede municipal.

Si temos un concello ben dotado en saneamento, debemos investir en manter axeitadamente ese servizo eliminando gastos doutros temas que non teñen máis que a publicidade de contentar aos amigos e non perder o puñado de votos.

Aprobamos esta proposta porque vemos a necesidade de dar un servizo axeitado e evitar os fallos na rede que prexudican aos nosos ríos e ao medio ambiente en xeral”.

O sr. alcalde, di que certamente xa se tratou noutro pleno e a adxudicación quedou deserta. Tamén o é que se incrementaron os pozos de bombeo, a rede de sumidoiros, etc, e isto fai moi complicado ter un control absoluto desde o concello e por isto agora se propón xestionalo indirectamente e polo tanto iniciar o procedemento de contratación para a concesión.

O sr. Sanjuás di que se ben as depuradoras non funcionaron correctamente, según as analíticas efectuadas, as augas non están contaminadas.

O sr. Viaño di que en calquera momento o concello de Vedra pode denunciar ao concello de Boqueixón polo mal funcionamento da depuradora de Ramil e que afecta a determinada zona de Vedra.

Sen máis e tendo en conta os seguintes:

“ ANTECEDENTES:

O concello de Boqueixón na sesión plenaria que tivo lugar o día 9 /10 /2003 aprobou as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de abastecemento e sumidoiros, modificadas en pleno celebrado o día 9 /09/2009.

En sesión plenaria do día 9 /05 /2007, iniciouse a tramitación do expediente para a adxudicación do concurso para a xestión deste servizo e en sesión plenaria do día 9/01 /2008 acordouse deixar deserto o concurso.

Neste momento o servizo estase prestando directamente polo concello e preténdese xestionalo indirectamente, para o cal é necesario aprobar a forma de xestión así como a súa contratación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- O artigo 22.2 f) da Lei 7 /1985 de bases de réxime local, modificada pola Lei 57 /2003 de medidas para a modernización do rexime local, establece que corresponde ao pleno a aprobación das formas de xestión dos servizos.

Esta competencia **non é delegable** tal como así establece este mesmo artigo.

Sen embargo , en canto á contratación da xestión dos servizos públicos, a lei establece que corresponde ao pleno cando o importe excede do 10 % dos recursos ordinarios do presuposto e duración superior a catro anos. Esta competencia **é delegable** a tenor do disposto no artigo 22 apartado 4 da Lei de bases de réxime local.

2.- A Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público establece o seguinte:

No artigo 116, que antes de proceder á contratación dun servizo público, terá que establecerse o seu réxime xurídico que declare expresamente que a actividade de que se

trate queda asumida pola administración respectiva como propia da mesma, atribúa as competencias administrativas, determine o alcance das prestacións a favor dos administrados e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

No artigo 117.1 establécese que o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas fixarán as condicións de prestación do servizo e no seu caso , as tarifas que deban aboar os usuarios, os procedementos para a súa revisión e o canon ou participación que houbera que satisfacerse á administración.

No artigo 251, establecece que a administración pode xestionar indirectamente, mediante contrato, os servizos da súa competencia.

A contratación da xestión dos servizos públicos pode adoptar, entre outras a modalidade de **concesión**, pola que un empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

O artigo 134 apartado 3 e) establece que nos contratos de xestión de servizos públicos a selección do adxudicatario efectuarase tendo en conta a valoración de máis de un criterio.

3.-O artigo 14 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de Janeiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que os órganos superiores poden avocar para si o coñecemento dun asunto do que a súa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes cando razóns de índole, técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. E mesmo no caso de delegación en órganos non xerarquicamente dependentes.

O Pleno da corporación por unanimidade acorda:

1.- Xestionar indirectamente a prestación do servizo público de sumidoiros(depuradoras , estacións de bombeo e fosas sépticas) do concello de Boqueixón.

2.- Avocar por razóns técnicas e para axilizar o procedemento, o inicio da contratación da xestión do servizo e a aprobación do prego e en consecuencia:

a.- Aprobar o expediente de contratación, así como o gasto, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

b- Publicar a licitación no boletín oficial da provincia , no diario oficial de Galicia e no perfil do contratante

c.- Aprobar o seguinte prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas, polo que se ten que rexir o procedemento da contratación:

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUMIDOIROS (REDE DE COLECTORES E ESTACIÓNS DE BOMBEO) E DAS FOSAS SÉPTICAS E MINI DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Páx.

CAPÍTULO I : CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS

1.- Obxecto do contrato

1

2.- Duración do contrato	1
3.- Tipo de licitación	2
4.- Persoal	2
5.- Oficina do servizo	2
6.- Inventario de instalacións adscritas o servizo	2
7.- Titularidade municipal do servizo	3
8.- Inicio do servizo	3
9.- Dereiros e deberes do concesionario	3
10.- Potestades e deberes da Administración	4
11.- Relación do concesionario cos usuarios do servizo	5
12.- Responsabilidade fronte a terceiros	5
13.- Fianzas	6
14.- Formalización do contrato	6
15.- Prerrogativas da Administración Municipal	6
16.- Comisión de seguemento e control	6
17.- Infraccións e sancións. Procedemento sancionador	7
18.- Cesión da concesión e subcontratación	9
19.- Resolución do contrato de xestión do servizo	9
20.- Secuestro e rescate da concesión	9
21.- Reversión das instalacións municipais obxecto da concesión	10
22.- Devolución da garantía definitiva	10
23.- Natureza do contrato e xurisdicción competente	10
24.- Dereito supletorio	10
25.- Regulamentación municipal do servizo	11
26.- Presentación de proposicións e documentación	11
27.- Apertura de plicas	12
28.- Circunstancias determinantes da selección	13

CAPÍTULO II : CONDICIÓN S TÉCNICAS XERAIS

29.- Prestacións que realizará o concesionario	14
30.- Obras de ampliación e renovación	15
31.- Expansión das redes de sumidoiros	15
32.- Planos das redes de sumidoiros	15
33.- Demanda de servizo	15
34.- Realización de acometidas a rede de sumidoiros	16

CAPÍTULO III : CONDICIÓN S ECONÓMICAS

35.- Vixilancia e inspección do servizo	17
36.- Tarifas do servizo	17
37.- Lectura de contadores	17
38.- Servizos municipais	17
39.- Xestión de cobro	18
40.- Canon da concesión	18
41.- Ingresos do servizo	18
42.- Custo do servizo pola xestión do concesionario	19
43.- Retribución económica do concesionario	19
44.- Revisión da retribución do concesionario	20
45.- Revisión das tarifas	20
46.- Da conta de explotación do servizo	21
47.- Gastos	21
48.- Risco e ventura. Equilibrio económico financeiro	21

ANEXO I : PROPOSTA ECONÓMICA

ANEXO II : RELACIÓN DE INSTALACIÓN S AFECTAS O SERVIZO

CAPÍTULO I : CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

- 1.- O Concello de BOQUEIXÓN convoca concurso para a adxudicación da concesión administrativa da xestión integral do Servizo Municipal de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais do concello, o que comprende tamén as análises e controis de calidade da auga do vaso infantil, do vaso de adultos e da auga das billas e duchas da piscina municipal na tempada de verán.
- 2.- As obras e instalacións de propiedade ou titularidade municipal que se entregan ó concesionario para a realización dos traballos obxecto do contrato son as definidas no documento que como ANEXO II se incorpora ó presente prego de bases.
- 3.- O concesionario utilizará tales bens de dominio público achegados polo concello e relacionados en cada momento no citado inventario, exclusivamente para o Servizo Municipal de BOQUEIXÓN, salvo que o concello, por razóns de interese público, establecese outra cousa.
Extinguida a concesión, calquera que fose a súa causa, devolveranse ó concello, en condicións normais de uso, a totalidade dos bens afectados nese momento ó servizo e que deberán estar reflectidos no inventario actualizado.
- 4.- Un ano antes de que expire o prazo do contrato, ou algunha das prórrogas previstas na base "2", o concello designará un interventor técnico na empresa concesionaria, quen viviará o estado das edificacións, obras, instalacións e demais medios materiais e informará ó concello sobre as reparacións e reposicións necesarias, se correspondese, para que tales bens sexan devoltos en condicións de uso axeitadas.
- 5.- O Concello de Boqueixón fai constar explícitamente que a contratación referida neste prego non significa en ningún xeito a cesión da titularidade do servizo municipal de sumidoiros e depuración das augas residuais, nin a propiedade das instalacións, que corresponderá, en calquera caso, ó concello.

2- DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de 10 anos, prorrogables ata un máximo de 25 anos.

3.-TIPO DE LICITACIÓN.

A licitación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais realizarase mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios segundo o establecido no art. 134.3 letra f) da Lei de contratos do sector público.

4- PERSOAL.

- 1) O concesionario deberá adscribir ó servizo, que xestiona por encargo da administración municipal, o persoal imprescindible para cumprir as obrigas deste prego de condicións.
- 2) A empresa concesionaria será a responsable de todo o persoal laboral que contrate, quedando obrigada a cumprilas disposicións que regulamentan as relacións laborais, Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo e Lei 31/95, sobre Prevención de riscos laborais.
- 3) O concello non terá relación xurídica nin laboral co persoal pertencente á empresa concesionaria durante a vixencia do contrato nin ó seu remate.
- 4) O concello, en ningún caso, virá obrigado a facerse cargo do persoal contratado pola empresa.
- 5) O adxudicatario deberá poñer á fronte da xestión do servizo, como responsable do mesmo diante a Administración Municipal, a un técnico con titulación suficiente e experiencia acreditada para afrontar as responsabilidades que demanda a xestión do servizo. Así mesmo contarase cun equipo dun xefe de planta, un capataz de planta e unha brigada de mantemento coa dedicación necesaria para dita planta.

5) OFICINA DO SERVIZO

O adxudicatario contará cun local céntrico para oficina para o trato e relación cos aoados do servizo que se pretende contratar.

A oficina permanecerá aberta dous días á semana en horario de mañán.

O concesionario establecerá un servizo de atención telefónica 24 horas para relación cos aoados e co concello.

6-) INVENTARIO DE INSTALACIÓNS ADSCRITAS Ó SERVIZO.

1) O concesionario estará obrigado a manter o inventario detallado de tódalas instalacións que conforman a infraestrutura do servizo e postas á súa disposición para a súa xestión.

2) Calquer obra ou instalación que pasase a formar parte da infraestrutura do servizo, durante o período de vixencia do contrato, incorporárase ó inventario.

3) Tódalas novas instalacións que se constrúan, así como as ampliacións ou novacións, pasarán a integrarse no patrimonio municipal como propiedade do concello.

7-) TITULARIDADE MUNICIPAL DO SERVIZO.

1) O Servizo Municipal de Sumidoiros e Depuración das Augas Residuais seguirá tendo, en todo momento, a calificación xurídica de servizo público municipal do Concello de Boqueixón.

2) As instalacións adscritas ó servizo serán utilizadas e explotadas polo concesionario para a depuración das augas residuais conforme a este prego.

3) O concello conserva a titularidade das instalacións propias e adscribe ó servizo a estas, reservándose as potestades que lle confire o ordenamento xurídico vixente.

4) O concesionario poderá efectuar intervencións en tódalas instalacións adscritas ó servizo, axustándose ás directrices técnicas que lle sinale a administración municipal, quedando exento do pagamento de taxas ou prezos públicos por tratarse de propiedades municipais e actuar o concesionario como mandatario do concello.

8.- INICIO DO SERVIZO

O servizo iniciárase dentro do prazo dos 30 días naturais contados desde o seguinte ao da firma do contrato.

9- DEREITOS E DEBERES DO CONCESIONARIO.

A) DEREITOS DO CONCESIONARIO.

1) A percepción do prezo ou retribución económica ofertada e aceptada nos termos establecidos no prego único refundido de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas.

2) O dereito ó mantemento do equilibrio económico da concesión da xestión do servizo, podendo o concello indemnizar economicamente ou autorizar unha revisión das tarifas.

3) Protección necesaria para unha axeitada xestión do servizo empregando as instalacións municipais adscritas ó servizo e o cumprimento da normativa vixente.

4) Non aboar prezo público nin taxa á administración municipal por obras motivadas ou necesarias para a xestión do servizo, por tratarse dun servizo público municipal e actuar o concesionario como mandatario do concello.

5) Obter a información necesaria dos servizos técnicos e económicos do concello para unha mellor prestación do servizo.

B) DEBERES DO CONCESIONARIO

1) Realizar tódalas prestacións obxecto da xestión do servizo con estricte suxeición ó establecido neste prego e co que ordene posteriormente o concello.

2) Informar á administración municipal, coa antelación posible, da execución de obras que puidesen afectar o funcionamento normal da rede de sumidoiros da EDAR., bombeos e fosa sépticas.

3) Adoptar medidas de sinalización e de seguridade nas instalacións obxecto do contrato.

- 4) Responder fronte a terceiros dos danos causados como consecuencia do funcionamento normal ou anormal do servizo obxecto da concesión, formalizando para o seu efecto unha póliza de seguros, desde o momento da iniciación da xestión de servizo.
- 5) Realizar, **sen que xere ningún custo para o concello**, todas cantas prestacións demande unha adecuada e eficaz xestión do servizo, entre elas sinálanse as seguintes: realización das obras necesarias de reparación, renovación, substitución ou mellora das instalacións, así como, efectuar, por delegación do concello, as labores de inspección, análise e control dos verquidos; análises e controis da calidade da auga do vaso infantil, do vaso de adultos e da auga das billas e duchas da piscina municipal, durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro de cada ano, unha cada mes ou cando o concello llo solicite por motivos xustificadas.
- 6) Asesoramento e asistencia técnica ós órganos de goberno da administración municipal para a mellora do servizo.
- 7) Non allear bens afectos á concesión que deban reverter ó concello, nin gravalos, salvo autorización expresa.
- 8) Non ceder nin traspasar a terceiros a concesión sin autorización do concello.
- 9) Asumi-lo risco económico da concesión.
- 10) Asumir o custo derivado do consumo eléctrico das depuradoras, bombeos e fosas sépticas.
- 11) Asumir o mantemento e o custo dos arranxos das depuradoras, tubaxes, fosas sépticas e calquera outro dano que se produza no servizo.
- 12) Confecciona-los padróns e os recibos sobre a base das tarifas do servizo que lle sexan comunicados oficialmente pola corporación.

10.- POTESTADES E DEBERES DA ADMINISTRACIÓN.

A) POTESTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

O concello mantén a titularidade do servizo público e, en consecuencia, posúe o exercicio das seguintes potestades sobre a concesión:

- 1) De policía, ditando instrucións xerais e particulares para asegura-la continuidade e mellora do servizo e das súas instalacións e a correcta relación do concesionario cos usuarios.
- 2) Expropiadora, para a adquisición de bens e dereitos necesarios para a ampliación ou mellora do servizo.
- 3) Sancionadora, para aseguralo correcto funcionamento da xestión do servizo.
- 4) Modificalo contido da concesión introducindo variacións por razóns de interese público.
- 5) Fiscaliza-la xestión do concesionario, e con dito fin inspeccionar o servizo, as súas obras, instalacións e locais e a documentación relacionada co obxecto da concesión, e dita-las ordes para manter ou restablece-la debida prestación.
- 6) Secuestro e, se é o caso, rescate da concesión.

B) DEBERES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

- 1) Aboar, no seu caso, á empresa concesionaria o prezo ou retribución económica pactada pola xestión do servizo público nos termos establecidos no presente prego.
- 2) Manter e garantilo equilibrio económico da concesión durante a vixencia do contrato mediante compensación económica ou autorizando a revisión das tarifas.
- 3) Facilitar ó Concesionario o emprego das instalacións municipais adscritas ó servizo público.
- 4) Outorgar á empresa concesionaria a protección adecuada para a xestión do servizo nas debidas condicións.
- 5) Aprobar o regulamento do servizo de vertidos á rede de sumidoiros e uso da dita rede (segundo o establecido por Augas de Galicia - DOG 21 de agosto 2001 páxina 11.165)
- 6) Proporcionar ó concesionario a información necesaria para a xestión do servizo.

11.- RELACIONS DO CONCESIONARIO COS USUARIOS DO SERVIZO.

concesionario, en relación cos usuarios do servizo, deberá:

- 1) Levar un libro de reclamacións, dando conta nun prazo máximo de 48 horas das queixas, observacións ou reclamacións anotadas á administración municipal.
- 2) Reparación e, no seu caso, indemnización dos danos causados a terceiros por deficiencias na xestión do servizo.

12.- RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS.

O concesionario deberá asegurar a Planta da Estación de Depuración (EDAR) contra incendios, inundacións e demais continxencias asegurables, que tamén cubrirá os riscos das persoas, afectadas de maneira permanente, temporal ou accidental, que se atopen nas instalacións que conforma a infraestrutura do servizo.

A responsabilidade civil por danos a terceiros, como consecuencia do funcionamento normal ou anormal do servizo público, será directamente esixida á empresa concesionaria que a tal fin terá subscribida unha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 1.000.000 de euros por sinistro e ano.

13.- FIANZAS

- 1) Non se esixe garantía provisional
- 2) A garantía definitiva fixarase conforme ó disposto no art. 83 da lei de contratos do sector público no 5% do importe da adxudicación IVE excluído. A dita fianza deberá ser depositada na caixa da corporación no prazo establecido a partir do seguinte ó da notificación da adxudicación e como requisito previo e necesario para a adxudicación definitiva.

14.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato perfeccionarase coa adxudicación realizada polo órgano de contratación, formalizándose en documento administrativo perante o secretario da corporación dentro do prazo de 10 días hábiles que se contarán desde o día seguinte á notificación da adxudicación definitiva.

15.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

- 1) O órgano de contratación ten a prerrogativa de interpretar o contrato, resolvelas dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordala súa resolución e determina-los efectos desta despois da audiencia do contratista, esgotando os acordos que se adopten a vía administrativa e sendo inmediatamente executivos.
- 2) Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación poderá introducir modificacións, por razón de interese público, nos elementos que o integran xustificándoo debidamente no expediente que se tramite.
- 3) Os acordos que adopte o órgano de contratación e as instrucións que dite a alcaldía para un adecuado e eficaz funcionamento do servizo non conferirán dereito ningún ó contratista para esixila elevación do prezo nin a concesión de indemnización ningunha por razón das medidas adoptadas, sempre que estas non teñan transcendencia económica.
- 4) Restablece-lo equilibrio económico-financeiro a favor do interese público.

16.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL.

A alcaldía poderá crear un órgano mixto para o seguimento e control da execución do contrato. Esta comisión estaría presidida polo Sr. Alcalde ou Tte. de alcalde en quen delegue, e estará formada por dous representantes da administración municipal (Concelleiro Delegado, Interventor) e outros dous representantes da empresa concesionaria.

Sen prexuízo das funcións de asesoramento e asistencia técnica que prestaría a comisión de seguimento ós órganos do goberno municipal, este órgano terá asignadas as seguintes funcións:

- a) Modifica-lo regulamento de funcionamento do servizo
- b) Propoñer solucións para resolver diferencias entre a empresa concesionaria e a administración municipal.

c) Avaliación da xestión do servizo realizada polo concesionario e proposta de medidas para a súa mellora.

Os funcionarios que integren esta comisión, en representación da administración municipal, exercerán a inspección técnica da concesión durante o último ano de vixencia do contrato baixo a dirección do concelleiro responsable do servizo.

17.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

As infraccións nas que poida incorrela empresa concesionaria do servizo clasifícanse en leves, graves e moi graves. Para a súa clasificación teranse en conta as circunstancias que concorran en cada caso, tales como intencionalidade, negligencia, reiteración, existencia de danos ó servizo ou ós intereses dos usuarios e contía dos danos.

A) INFRACCIÓNS.

a) LEVES . Clasifícanse como infraccións leves os seguintes feitos:

1) Os que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos no prego sen transcendencia económica e funcional apreciable para a xestión do servizo.

2) A simple negligencia no mantemento, funcionamento e control das instalacións adscritas ó servizo.

3) As que non poidan calificarse como infraccións graves tendo en conta a falta de intencionalidade e a reparación dos danos causados.

b) GRAVES. Tipifícanse como infraccións graves os seguintes feitos:

1) A reincidencia na comisión de faltas leves dentro dun período de 3 meses.

2) As accións ou omisións que interfiran ou alteren ocasionalmente a prestación dos servizos sempre que non estivesen tipificadas como leves.

3) O descoido notable na conservación e mantemento das instalacións adscritas ó servizo.

4) O incumprimento de prazos na cumplimentación de informes esixidos pola administración municipal ou autonómica.

5) As inobservancias respecto do libro de reclamacións a disposición do público e comunicación de reclamacións á administración municipal.

c) MOI GRAVES. Tipifícanse como faltas moi graves:

1) A reincidencia na comisión de faltas graves dentro do período de 1 ano.

2) Ceder ou traspasala xestión do servizo, obxecto da concesión, baixo calquera modalidade sen autorización expresa da administración municipal.

3) Incumprimento da normativa laboral de obrigado cumprimento en aspectos esenciais.

4) Interrupción ou suspensión das actividades normais para a xestión do servizo, agás causa de forza maior ou outras circunstancias xustificadas apreciadas pola administración municipal con anterioridade á interrupción ou suspensión.

5) A obstrucción por parte do concesionario da potestade inspectora da administración municipal.

6) A non contratación das pólizas de seguros esixidas no presente prego, e a falta de pagamento das primas concertadas para garantir a vixencia das pólizas e consecuentemente cobertura durante todo o período da concesión.

B) SANCIÓN.

a) As FALTAS LEVES serán sancionadas con multas de ata 600 euros.

b) As FALTAS GRAVES serán sancionadas con multas en contía comprendida entre 600,01 euros e 3.000 euros.

c) As FALTAS MOI GRAVES serán sancionadas con multas en contía comprendida entre 3.000,01 euros e de 6.000 euros ou a resolución de contrato cos efectos previstos no Real decreto legislativo 2/2000, de contratos das administracións públicas.

C) PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

1) As FALTAS LEVES serán sancionadas polo alcalde despois de audiencia ó concesionario durante un período de 10 días hábiles.

2) Para a corrección de FALTAS GRAVES deberá tramitarse un procedemento sancionador sumario: incoación do procedemento polo alcalde con designación de instructor e secretario, proposta do instructor, audiencia do concesionario e, se e ó caso, imposición pola Xunta de Goberno.

3) Para a corrección das FALTAS MOI GRAVES deberá tramitarse un procedemento sancionador coas seguintes garantías formais: incoación do procedemento con designación de instructor e secretario, período de instrucción e proba, prego de cargos polo instructor, audiencia do concesionario durante 10 días, proposta de sanción polo instructor, alegacións do concesionario á proposta durante o prazo de dez días, e se corresponde, resolución sancionadora do Pleno da corporación que tamén poderá declárala resolución do contrato.

18.- SUBCONTRATACIÓN.

a) O contratista só poderá subcontratar prestacións accesorias como a vixilancia das instalacións ou a realización de traballos especializados.(art. 265 da L.C.S.P)

b) Poderá, así mesmo, subcontratar o control e a análise da calidade da auga da piscina municipal que se prevé na cláusula 9, apartado b 5

19.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO.

Son causas de resolución do contrato de xestión do servizo público as sinaladas nos artigos 262 e seguintes da lei de contratos do sector público.

20.- SECUESTRO E RESCATE DA CONCESIÓN.

a) SECUESTRO. A administración municipal poderá declara-lo secuestro da concesión de acordo coas normas establecidas nos arts.133 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais nos seguintes supostos:

1) Cando o concesionario altere a contía das tarifas na cobranza dos recibos, sen previa autorización municipal.

2) Cando poña en perigo a boa xestión do servizo

3) Cando se incoase procedemento sancionador por falta moi grave e non poida o Concesionario garantila normal xestión do servizo.

O secuestro terá carácter temporal e non poderá superar un período de 2 anos, podendo levantarse esta medida cando a empresa concesionaria xustifique e garanta a satisfacción da administración municipal, que pode proseguila normal xestión do servizo.

b) RESCATE. A administración municipal poderá rescatala concesión da xestión do serviao, por causas xustificadas de interese público con indemnización ó contratista do prezo das obras e instalacións que, efectuadas por este, pasen a ser propiedade do concello, tendo en conta para o seu cálculo o estado das ditas obras e instalacións e o tempo que reste para a revisión.

21.- REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS OBXECTO DA CONCESIÓN.

Tódalas instalacións entregadas ó concesionario, así como as de ampliación, substitución ou mellora que este realice, reverterán ao concello en adecuado estado de conservación e funcionamento e sen máis deterioro que os que fosen consecuencia do seu normal uso de utilización para os fins do contrato e no momento de finaliza-la vixencia do contrato.

22.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Expirado o prazo do contrato ou, se é o caso, resolto este sen culpa do contratista practicarase a liquidación definitiva e aboamento de tódalas prestacións realizadas polo contratista e realizarse a comprobación do estado do material inventariable, procedéndose á devolución ou, se é o caso, cancelación da garantía definitiva sempre que se cumprise satisfactoriamente o contrato.

23.- NATUREZA DO CONTRATO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

O contrato ten natureza administrativa, polo que será a xurisdicción contencioso-administrativa a competente para resolvelas cuestións que xurdan entre as partes, as que quedarán sometidas á xurisdicción do domicilio do Concello de Boqueixón.

24.- DEREITO SUPLETORIO.

No non previsto neste prego de cláusulas estarase ó disposto na lei 30 /2007 de contratos do sector público, no real decreto 817/2009 de desenrolo da lei 30 /2007, a lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, Lei 5/97 de 22 de xullo, de réxime local de Galicia, texto refundido polo que se aproban as disposicións legais vixentes do réxime local de 18 de abril de 1986, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas de 28 de novembro de 1986 e demais disposicións concordantes que sexan de aplicación.

25.- REGULAMENTACIÓN MUNICIPAL DO SERVIZO.

Na xestión do servizo público obxecto da concesión teranse en conta as seguintes disposicións municipais:

- 1) Prego único refundido de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.
- 2) Ordenanza fiscal reguladora da taxa sobre servizo da rede de sumidoiro ou as que no seu día se aproben.
- 3) O Regulamento de vertidos á rede de sumidoiros no que se sinalan as prescricións técnicas e normas de funcionamento para o non previsto nos pregos.
- 4) As instrucións xerais e particulares que dite a Alcaldía ou a Xunta de Goberno para o mellor funcionamento do servizo.

26.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN

Os sobres que conteñan a documentación para participar na convocatoria presentaranse no prazo de 15 días naturais, a contar desde o seguinte ao da última publicación do anuncio da licitación.

O expediente deste concurso estará a disposición dos interesados na Secretaría municipal tódolos días laborais de 9 a 13 horas, desde o día seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no BOP ou no DOG. O prego de cláusulas publicarase ademais no perfil do contratante, hasta o día de entrega da documentación correspondente en tres sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e ca documentación e requisitos seguintes:

SOBRE A : Titulado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA"

- 1) Xustificante da constitución da fianza provisional, en calquera das formas admitidas a dereito, na tesourería do concello.
- 2) Declaración xurada na que o licitador afirme non incorrer en ningunha das prohibicións para contratar cas administracións públicas ou calquera das incompatibilidades ás que se refire a lei de contratos do sector público.
- 3) Fotocopia compulsada do DNI (empresario individual) ou escritura de constitución e modificación da sociedade coa nota de inscrición no rexistro mercantil
- 4) Si se obra en representación doutra persoa ou sociedade, poder bastantado a costa do licitador, ou a súa fotocopia compulsada.
- 5) Se a proposición é presentada por unha unión temporal de empresas, haberá que sinala-los nomes e circunstancias das empresas que a subscriben, a participación de cada unha delas e a persoa que ostentará a representación. Tamén se deberá acreditar a personalidade e capacidade de cada unha das empresas agrupadas

- 6) Declaración xurada e xustificantes de atoparse ó corrente no pagamento das cotas do imposto sobre actividades económicas, da Seguridade Social e do cumprimento das obrigas tributarias.
- 7) Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional de acordo co especificado na lei de contratos do sector público e o real decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenrola parcialmente a lei de contratos do sector público.
- 8) As empresas estranxeiras presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ó galego ou castelán, con despacho expedido pola Embaixada de España no país de orixe, e onde se certifique que con arranxo a súa lexislación, ten capacidade para contratar e obrigarase.

SOBRE B: Titulado "REFERENCIAS TÉCNICAS"

- 1) Referencias do licitador de estar prestando servizos semellantes en outros municipios da Comunidade Autónoma Galega, con informes dos concellos ou entidades titulares.
- 2) Calquera outra documentación que o proponente estime oportuna para acreditar a súa idoneidade e vantaxas da súa oferta para optar ó presente concurso. e en especial as seguintes:
 - A calidade
 - O prezo
 - A fórmula utilizable para para revisar as retribucións ligadas á prestación do servizo.
 - As características medioambientales ou vinculadas coa satisfacción de esixencias sociais que respondan a necesidades propias das categorías de poboación especialmente desfavorecidas ás que pertencen os usuarios da prestación a contratar.
 - A dispoñibilidade e custo dos repuestos, mantemento, asistencia técnica e outros semellantes.

SOBRE C : Titulado "PROPOSICIÓN ECONÓMICA"

- 1) Memoria sobre a xustificación e prestación do servizo
- 2) Estudio económico

Proposición económica formulada conforme ó modelo que figura como Anexo I- A ou Anexo I-B deste prego

27.- APERTURA DE PLICAS

A apertura de plicas do concurso realizarase en acto público as 13 horas do sexto día hábil (contaranse días naturais) ó de finalización de presentación de ofertas, agás se coincide o sábado que se trasladará ó día seguinte hábil.

Formarán parte da mesa de contratación as seguintes persoas, ou as que nese momento se constituán como membros da mesa de contratación.

Presidente: D. Jesús Sanjuás Mera ou en quen delegue.

1º Vogal : Dª Mª Dolores García Couto ou en quen delegue.

2º Vogal : D. Manuel Mouriño Varela ou en quen delegue.

3º Vogal : Dª. Elena Suárez Rodríguez ou en quen delegue.

4º Vogal: D. José Viaño Rey ou en quen delegue

Secretario: Dª Adela Lamela Arteaga ou en quen delegue.

Así mesmo, a mesa contará co asesoramento de, alomenos, un técnico que terá que informa-las proposicións presentadas. Será nomeado pola Xunta de Goberno.

Ó terceiro día hábil (contaranse días naturais), abrirase o SOBRE "A" correspondente á documentación administrativa.

Ó sexto día, en acto público, abriranse os SOBRE "B" de referencias técnicas e os SOBRE "C" de ofertas económicas.

A continuación os expedientes das empresas admitidas pasarán a ser estudados polos técnicos competentes para emitir o seus dictames correspondentes en orden a adxudicación.

A xunta de goberno resolverá a adxudicación á oferta máis vantaxosa.

28.- CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA SELECCIÓN

Serán criterios valorativos para a adxudicación do concurso os seguintes:

- | | |
|--|-----------|
| 1) Organización do servizo proposta polo licitador, valorarase preferentemente neste apartado os medios humanos e materiais adscritos o servizo | 15 puntos |
| 2) Oferta económica presentada en base o Estudio Xustificativo e Proposta Económica presentada na Plica. Para esta avaliación os servizos técnicos municipais comprobarán que as diferentes partidas que compoñen os custos de explotación e os ingresos pola facturación do servizo, núm. de abonados e m ³ facturados, sexan viables e aceptables para obter un nivel axeitado de prestación do servizo | 20 puntos |
| 3) Estar xestionando na actualidade servizos similares ó do concurso | 15 puntos |
| 4) Estar en posesión de certificados de calidade e medioambiente, outorgados por un organismo acreditado | 15 puntos |
| 5) Plan de control de análises de calidade da auga en todo o concello, valorándose o ter laboratorio propio ou concertado | 10 puntos |

3) **CAPÍTULO II : CONDICIÓN TÉCNICAS XERAIS**

29.- **PRESTACIÓNS QUE REALIZARÁ O CONCESIONARIO.**

O concesionario deberá realizar, entre outras, as seguintes prestacións

- SERVIZO DE SANEAMENTO

- a) Efectuaranse limpeza periódicas de colectores con medios axeitados para os ditos traballos.
- b) Efectuarase o baleirado e limpeza de pozos de bombeo como mínimo 3 veces o ano.
- c) Efectuarase e mantemento e conservación das unidades de bombeo, das depuradores e fosas sépticas
- d) As conexións e acometidas a particulares
- e) Reparacións de roturas e desatascado nas redes de sumidoiros, de tubaxes etc.
- f) Controis periódicos e puntuais de vertidos e caudais, de calidade da auga dos vasos da piscina municipal e das billas e duchas, durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro.
- g) Localización de fugas na rede e reparación das mesmas
- h) Vixilancia da rede e control de vertidos non autorizados
- j) Reparar, conservar e manter en perfecto estado de funcionamento tódolos elementos electromecánicos, automatismos e demais equipos das estacións de bombeos de augas residuais, depuradoras e fosas sépticas.

- FOSAS SÉPTICAS, EDARES E BOMBEOS

- k) Manter o funcionamento normal das fosas sépticas de forma ininterrumpida conseguindo en todo momento os índices de depuración determinados polo proxecto de explotación sempre que a auga bruta cumpra os parámetros de deseño.
- l) Reparar, conservar e manter en perfecto estado de funcionamento tódolos elementos, equipos e instalacións.
- m) Adquirir tódolos materiais, produtos e abastecementos precisos para o debido mantemento, conservación e explotación da fosas.
- n) Recoller, nas debidas condicións hixiénico sanitarias, as areas e residuos dos enreixados xerados nas fosas.
- o) Reparación de tódalas avarías que se produzan sendo os gastos por conta do concesionario.
- p) Ter un taller na provincia con útiles e ferramentas apropiadas para efectuar pequenas reparacións e a conservación e mantemento das instalacións.

q) Comunicar á administración municipal, a chegada de calquera produto non habitual e perturbador do funcionamento das instalacións, así como calquera acción que, por razón de emerxencia, foxe necesario acometer.

r) Cumprir os requisitos que figuran no Anexo I, da Directiva 91/271 da Unión Europea, sobre do tratamento das augas residuais urbanas, así como os que figuran na correspondente autorización do verquido.

O resto dos parámetros que non figuren neste listado, así como os compoñentes tóxicos tales como os metais pesados, hidrocarburos aromáticos, praguicidas e similares, axustaranse estrictamente ó Real decreto 1138/1990 de 14 de setembro, ou a disposición que no seu momento este vixente.

s) Os residuos sólidos e semisólidos (areas, grasas e lamas), depositaranse en contedores e periodicamente serán entregados ó xestor autorizado, utilizando medios de transporte axeitados e cumprindo a normativa específica para o transporte e valorización deste tipo de materiais.

30.- OBRAS DE AMPLIACIÓN

As obras de ampliación do servizo de saneamento son de exclusiva conta do concello. Poderá adxudicarlhas ó concesionario, comprometéndose o concello, neste caso, ó pagamento da cantidade estipulada ou a reintegrarlle a cantidade investida mediante o pagamento dunha cota anual ou unha sobretaxa por metro cúbico facturado, pactado de común acordo. En todo caso as obras serán supervisadas polo concello.

31.- EXPANSIÓN DAS REDES DE SUMIDOIROS

Na extensión e ampliación das redes de sumidoiros, segundo os casos, procederase da seguinte maneira:

a) Petición de enganche polo promotor dun inmovible

O concesionario, tendo en conta as características técnicas do servizo do petionario, confeccionará o correspondente orzamento, no que se terá en conta a posible ampliación das redes existentes polas necesidades desde novo verquido.

O importe deste deberá ser satisfeito polo promotor, e o traballo realizado polo concesionario.

Aplicaranse os prezos aprobados polo concello e que se actualizarán anualmente de forma automática no mesmo porcentaxe das tarifas.

b) Cando o concello ou promotor urbanístico pretendan a implantación de novas redes e instalacións, ou modificacións das existentes, que sexan ou revirtan ó servizo municipal de augas, obxecto do presente prego, darase conta ó concesionario para que emita informe das condicións técnicas da futura rede e a súa posible incidencia nos custos da explotación.

32.- PLANOS DAS REDES DE SUMIDOIROS

O concesionario deberá confeccionar os planos das redes de sumidoiros, a escala 1:2.000 no prazo de 6 meses desde que se faga cargo do servizo. Nelas deberán figurar as dimensións e situación das tubaxes, chaves, pozos,...

Estos planos conservaranse no concello e nas oficinas do servizo, e actualizaranse anualmente coas novas tubaxes e instalacións.

33.- DEMANDA DE SERVIZO

1) Os contratos de conexión á rede de sumidoiros serán realizados polo concesionario na oficina do servizo. O contrato farase por triplicado sendo o orixinal para o aboado, unha copia para a oficina do servizo e outra para o concello.

2) O concesionario só poderá realiza-la contratación de enganche á rede de sumidoiros de xeito unitario, de forma que cada contrato corresponda a unha soa vivenda ou local.

3) O contrato só poderá subscribirse cando se fixeran os traballos de acometida e/ou extensión da rede, previa concesión da oportuna licenza municipal e o pagamento das taxas ó concello.

34.- REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS A REDE DE SUMIDOIROS

As acometidas que teñen por obxecto conducir as augas residuais á rede de sumidoiros, comprenden desde a arqueta de rexistro, situada no camiño público no límite da propiedade, ata o pozo de saneamento na rede xeral de sumidoiros. Excepcionalmente poderán acabar directamente no colector de sumidoiros.

Os custos de realización destas acometidas serán a cargo dos abonados, os prezos aprobados polo concello, serán executadas polo concesionario.

CAPÍTULO III : CONDICIÓN ECONÓMICAS

35.- VIXILANCIA E INSPECCIÓN DO SERVIZO.

1) Corresponde ó concello, como titular do servizo público, as potestades administrativas de policía e inspección para asegurar un axeitado e eficaz funcionamento do servizo xestionado pola empresa concesionaria.

2) A Alcaldía poderá cursar instrucións xerais e particulares necesarias para unha eficaz e normal realización das prestacións impostas ó concesionario.

36.- TARIFAS DO SERVIZO

1.- As que aprobe en cada caso o concello, de conformidade cas disposicións legais vixentes en cada momento

2.- O concello comunicará por escrito ó concesionario os prezos que se deberán aplicar ós abonados, de conformidade cas tarifas autorizadas

3.- O concesionario non asumirá responsabilidade na aplicación das ditas tarifas, dado que estas son de competencia municipal

4.- O concello, de acordo co art. 127 do Regulamento de servizos das corporacións locais, manterá o equilibrio económico da concesión cos demais dereitos e obrigacións que o dito artigo sinala.

37.- LECTURA DE CONTADORES

A lectura dos contadores dos abonados do servizo de abastecemento, que servirá para establecer os caudais vertidos á rede de sumidoiros e, serán a base para calcular o recibo a aboar por parte dos abonados, deberá realizarse unha vez por trimestre nos casos que sexa necesario.

Para os abonados do servizo de sumidoiros que non sexan abonados do servizo de abastecemento de auga potable, e o caudal vertido non sexa superior ó caudal medio do resto dos abonados, establecerase unha cota mensual fixa polo servizo.

Aquelas industrias que usen auga de captacións propias, exclusivamente ou conxuntamente ca auga da rede municipal de abastecemento, e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido de dita rede, instalarán ó seu cargo equipos axeitados para a medición do caudal vertido á rede de sumidoiros, A lectura destes equipos servirá de base para o cálculo da facturación.

38.- SERVIZOS MUNICIPAIS

1.- A prestación do servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais ó concello e ás súas dependencias de titularidade municipal, realizarase por conta do concesionario e sen ningún cargo para o concello.

2.- O concello facilitará, ó inicio da concesión, unha relación dos edificios e servizos ós que asigne carácter municipal.

3.- Se durante o tempo que dure a concesión, o concello incorporase algún outro subministro con carácter municipal, engadirase á relación inicial como anexo.

4.- Non terán carácter de tales aqueles servizos que se xestionen a través dun terceiro ou dunha empresa concesionaria. Así mesmo, tampouco terán esta consideración aqueles servizos que sexan xestionados por ou dependan dunha administración supramunicipal.

39.- XESTIÓN DE COBRO

1.- A empresa concesionaria emitirá trimestralmente os recibos calculados de acordo cas tarifas vixentes que serán satisfeitos polos abonados na oficina do servizo ou mediante domiciliación bancaria.

- 2.- Se o aboado do servizo de saneamento é abonado do servizo de abastecemento o recibo irá ó mesmo nome e a ser posible nun só recibo.
- 3.- Para os casos de morosidade no pagamento dos recibos, o concello autorizará a xestión de anulación de enganche á rede de sumidoiros e serán a cargo dos abonados os gastos ocasionados pola dita xestión. No caso de que o abonado o sexa dos servizos de abastecemento e saneamento, a suspensión do segundo servizo levará aparelado o do corte de abastecemento.
- 4.- O concello outorgará ó concesionario do servizo os medios de cobro, en período voluntario e executivo, por vía de apremio dos recibos trimestrais.

40.- CANON DA CONCESIÓN

- 1.- Dada a natureza deste contrato non se establece o importe a percibir polo concello en concepto de canon da concesión, o que estará en razón da diferenza entre as tarifas vixentes en cada momento e a correspondente retribución do concesionario en dito momento.
- 2.- O concesionario aboará ó concello, se procede, en concepto de canon da concesión, se así o fixase o concello e dentro da derradeira semana do terceiro mes seguinte ó período facturado, a cantidade que resulte de descontar do total do importe cobrado das tarifas vixentes no período correspondente, a retribución que deba percibir o concesionario, ou no seu caso, as cantidades complementarias ás tarifas aplicadas ou subvencións que o concello deberá aboar ó concesionario. As liquidacións serán trimestrais.
- 3.- O concesionario estará exento das taxas e impostos municipais que pola actividade do servizo puideran corresponderlle, dado que a titularidade seguirá ostentándoa o concello.

41.- INGRESOS DO SERVIZO

Os ingresos do servizo e polo tanto do concesionario formaranos:

- 1.- As tarifas do servizo vixentes en cada momento
 - 2.- As contribucións especiais que o concello crea oportuno impoñer nos casos de renovación ou ampliación das instalacións xa existentes
 - 3.- As subvencións que o concello conceda no seu caso, supoñendo que o custo do servizo sexa superior ás tarifas vixentes, con tal de mante-lo equilibrio económico-financeiro da concesión
 - 4.- Calquera outros ingresos que o concello considere oportuno, tales como taxas de alta, continuación do servizo, cambio de nome no contrato etc.
- Cos ingresos indicados o concesionario cubrirá. como mínimo, a totalidade dos custos do servizo.

42.- CUSTO DO SERVIZO POLA XESTIÓN DO CONCESIONARIO

- 1.- O concesionario xestionará o servizo con base ós custos do mesmo, que virán detallados na oferta presentada, mediante un estudo xustificativo dos gastos que comporta a xestión encomendada, a recuperación e retribución das inversións e/ou achegas realizadas e o seu beneficio industrial.

Este estudo contemplará, como mínimo, os seguintes custos do servizo:

- Gastos Fixos:

Persoal

Mantemento e conservación das instalacións, tubaxes, depuradoras, bombeos, fosas sépticas e demais relacionados co servizo.

Análises e controis, incluídos da auga da piscina municipal

Transportes

Enerxía eléctrica (Termo de potencia)

Gastos administrativos e varios (Lectura de contadores, facturación, confección de recibos e xestión de cobro, alugueres, subministrados, impostos,...)

Gastos xerais e beneficio industrial

Consumo eléctrico das EDAR, bombeos e fosas sépticas

- Gastos Variables:

Enerxía eléctrica (Termo de enerxía)

Reactivos

Transporte e valorización de residuos

Gastos xerais e beneficio industrial

- Recuperación e retribución dos investimentos e achegas do concesionario realizadas para a mellora ou adecuación do servizo
- 2.- Os custos do servizo terán que estar convenientemente xustificadas, de xeito que a súa desagregación e xustificación permitan, ós servizos técnicos e económicos do concello, facerse cargo da viabilidade da oferta presentada.

43.- RETRIBUCIÓN ECONÓMICA DO ADXUDICATARIO

Os ingresos que poderá percibir o concesionario serán os seguintes:

- a) As tarifas vixentes en cada momento que cubran en todo ou en parte a retribución do adxudicatario, así como as subvencións que en cada caso correspondan a este, de conformidade co que acorde a Corporación.
- b) Os importes correspondentes a instalación de acometidas de sumidoiros segundo os orzamentos confeccionados polo concesionario de acordo co cadro de prezos aprobados polo concello
- c) As contribucións especiais que se impoñan con motivo de obras de melloras do servizo, sempre que estas se realicen polo concesionario
- d) As subvencións que no seu caso, para cubrir o equilibrio económico da concesión, acorde o concello conceder (con cargo ós orzamentos municipais) o concesionario, previos os trámites previstos polo ordenamento xurídico vixente en cada momento.

44.- REVISIÓN DAS TARIFAS

- 1) A revisión das tarifas para cubrir en cada momento o posible canon ou a retribución do concesionario, poderá darse por calquera dos motivos seguintes:
 - a) Por aumento da repercusión das obrigacións financeiras do concello
 - b) Por modificación do canon da concesión, a instancia do concello
 - c) Por cambio das condicións técnicas de traballo que alteren o custo, en máis ou en menos, do sistema actual ofertado
 - d) Por aumento dos custos de explotación de calquera das condicións establecidas na cláusula anterior
- 2) Para a revisión das tarifas o concesionario deberá redactar o correspondente estudo económico que entregará ó concello para que este as aprobe.
- 3) O concello comprométese en todo momento a mante-lo equilibrio económico da concesión acordando no seu caso, e previa demanda xustificativa do concesionario, as tarifas do servizo que se consideren convenientes.

45.- DA CONTA DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO

- 1) O concesionario deberá presentar no concello, dentro dos catro primeiros meses do ano seguinte ó que corresponda o exercicio, un resumo xeral do ano anterior.
- 2) Neste resumo deberán reflectirse os metros cúbicos facturados durante o exercicio, o volume de non pagados que compón a lista cobratoria a esa data e correspondentes ós distintos períodos de facturación, así coma a remuneración que durante o exercicio percibiu o concesionario

46.- GASTOS

Serán por conta do adxudicatario os gastos de publicación de anuncios e cantos outros se orixinen con motivo dos trámites preparatorios do contrato, así como todo tipo de tributos incluídos o Imposto Estatal sobre o Valor Engadido e o Imposto Municipal sobre Actividades Económicas.

47.- RISCO E VENTURA. EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

O concello deberá mante-lo equilibrio económico financeiro da concesión, non podendo considerarse como desequilibrio económico desta, o non cumprimento das simples previsións ou estimacións económicas que puideran realizarse polos licitadores nas súas ofertas, nin tampouco os gastos do persoal adscrito ó servizo derivados dos posibles incrementos retributivos, como consecuencia da aplicación dun novo convenio salarial ou da revisión aplicable, e en xeral, aqueloutros gastos de funcionamento derivados do mantemento e conservación das instalacións do servizo.

ANEXO I – A

"PROPOSICIÓN ECONÓMICA", que se axustará ó seguinte modelo :

Don/Dona.....con domicilio na rúa..... n.º..... e DNI....., actuando en nome propio ou en representación de..... segundo poder bastante que se acompaña, enterado do anuncio publicado por ese Concello no BOP núm....., correspondente ó día....., de....., de....., o uno perfil do contratante, relativo ó expediente instruído PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUMIDOIROS (REDE DE COLECTORES E ESTACIÓNS DE BOMBEO) E DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE BOQUEIXÓN , con coñecemento do prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e demais documentos que integran o expediente do dito concurso, no nome e representación invocada manifesto

1. Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Admnsitración
2. Acepta na súa integridade os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e acompaña a documentación esixida neste, comprometéndose a xestiona-lo servizo con plena suxección ós ditos pregos, e no seu caso ó Regulamento regulador, así como as melloras propostas na oferta formulada e demais documentos que resulten contractuais.
3. Asume a xestión do servizo público de sumidoiros (Rede de colectores e estacións de bombeo) e da estación depuradora de augas residuais de BOQUEIXÓN, con cargo á retribución prevista no Art. 43 do prego de cláusulas.
4. Formula un canon variable de€/m³ facturado, que se satisfará trimestralmente polo concesionario.

(Data e Sinatura)

ANEXO I-B

"PROPOSICIÓN ECONÓMICA", que se axustará ó seguinte modelo :

Don/Dona.....con domicilio na rúa..... n.º..... e DNI....., actuando en nome propio ou en representación de..... segundo poder bastante que se acompaña, enterado do anuncio publicado por ese Concello no BOP núm....., correspondente ó día....., de....., de....., en o perfil do contratante, e relativo ó expediente instruído PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUMIDOIROS (REDE DE COLECTORES E ESTACIÓNS DE BOMBEO) E DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE BOQUEIXÓN , con coñecemento do prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e demais documentos que integran o expediente do dito concurso, no nome e representación invocada manifesto

1. Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Admnsitración
2. Acepta na súa integridade os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e acompaña a documentación esixida neste, comprometéndose a xestiona-lo servizo con plena suxección ós ditos pregos, e no seu caso ó Regulamento regulador, así como as melloras propostas na oferta formulada e demais documentos que resulten contractuais.

3. *Asume a xestión do servizo público de sumidoiros (Rede de colectores e estacións de bombeo) e da estación depuradora de augas residuais de BOQUEIXÓN, con cargo á retribución prevista no Art. 43 do prego de cláusulas.*
4. *Formula unha subvención de€/m³ facturado, que se satisfará trimestralmente polo concello*

(Data e Sinatura)

ANEXO II

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS INSTALACIÓNS AFECTAS Ó SERVIZO

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

EDARS Y BOMBEO DEL SERVICIO MUNICIPAL DE SANEAMIENTO

- 1.- EDAR POUSADA**
soplante
decantador
- 2.- EDAR ARDESENDE-CODESO**
soplante
- 3.- EDAR Y BOMBEO LEDESMA**
soplante
biodisco
bombeo
- 4.- EDAR POLIGONO SERGUDE**
soplante
bombeo recirc.
- 5.- EDAR SERGUDE**
soplante
decantador
bombeo
- 6.- BOMBEO PAZOS**
bombeo
- 7.- BOMBEO RAMIL**
bombeo
- 8.- BOMBEO PIÑEIRO**
bombeo
- 9.- BOMBEO LAMPARTE**
bombeo
- 10.- BOMBEO LEDESMA**
bombeo

- 11.- BOMBEO NOENTE**
bombeo
- 12.- BOMBEO LUBIÁN**
bombeo
- 13.- BOMBEO FRENZA**
bombeo
- 14.- FOSA SÉPTICA EN MANLLE-LAMAS**
- 15.- FOSA SÉPTICA EN MELÓN-VIGO**
- 16.- FOSA SÉPTICA EN LOUREIRO-POUSADA**
- 17.- FOSA SÉPTICA EN SUCIRA**
- 18.- BOMBEO EN ORTO**
- 19 BOMBEO na PICOTA (Lestedo, en construción)**

6.Aprobación inicial modificación normas subsidiarias municipais.

Dase conta da modificación puntual das normas subsidiarias municipais de planeamento para a regulación do uso agropecuario no chan non urbanizable co fin de sometela á aprobación inicial do pleno, unha vez efectuadas no proxecto tódalas puntuacións descritas no informe previo da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

O sr. Viaño di que entende esta modificación co fin de facer menos restrictivas as normas municipais, en base á Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, aínda que sería máis razoable intentar impulsar a Plan Xeral de Ordenación Municipal que polo que se puido comprobar volven ter un informe negativo da Xunta a pesar de que agora goberna o P.P. e non poden escudarse en que foi unha decisión política, senón que foi unha decisión técnica.

O sr. Viaño di que non lle foi entregada copia das modificacións efectuadas, para comprobar a redacción definitiva dos apartados 19 e 20, as cales lle serán entregadas.

O sr. alcalde responde que posiblemente no próximo pleno ordinario do mes de marzo se someterá á aprobación inicial o PXOM.

Sen máis debate, e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES :

1.- O concello de Boqueixón dispón dunhas normas subsidiarias do ano 1996.

2.- O concello pretende modificar as condicións do uso agropecuario establecidas nas ordenanzas do solo non urbanizable de protección agropecuaria, co fin de adaptalas ao previsto na Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural.

3.- Consta o informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 6 de outubro de 2009, no cal se indica que non é necesario someter a modificación das normas á avaliación ambiental estratéxica.

4.- Consta, así mesmo, o informe previo á aprobación inicial da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 5 de novembro de 2009, no cal se sinala:

a) Que se fundamentan as razóns de interese público.

b) Que hai discordancia entre a modificación proposta e a súa xustificación na memoria, pois hai modificacións que non se inclúen na memoria como a eliminación do límite de edificabilidade para as parcelas de máis de 10.000 m² en solo de protección agropecuario e a eliminación das maiores limitacións para as vivendas vinculadas á explotación agropecuaria.

e) Que o proxecto da modificación mantén a redacción das ordenanzas vixentes en aspectos que non se adaptan á lei de ordenación urbanística como a posibilidade de permitir por licenza municipal construcións destinadas a explotacións agropecuarias e forestais; vivendas unifamiliares vinculadas a explotacións agropecuarias; construcións vinculadas a explotación, mantemento e servizo das obras públicas e ademais nin o réxime de usos nin as condicións da edificación son concordantes coa lei de ordenación urbanística.

5.- Consta por último, o informe de data 17/12/2009 da arquitecta colexiada nº 3720 de servizos técnicos municipais, no cal sinala que analizada a documentación presentada así como o informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, considérase que a modificación puntual cumpre coa lexislación vixente e conta con calidade técnica suficiente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Artigo 47.2 ll) da Lei 7 /1985 de bases de réxime local, esixe maioría absoluta para a aprobación dos instrumentos de planeamento xeral, entre os cales se inclúen as normas subsidiarias.

2.- Artigo 85 da Lei de ordenación urbanística que establece que aprobado inicialmente o planeamento (modificación neste caso) someterase a información pública como **mínimo durante un mes e como máximo 2 meses**, mediante anuncio no diario oficial de Galicia e en dous xornáis de maior difusión da provincia.

Simultaneamente darase audiencia durante o mesmo prazo aos municipios limítrofes. Non será precisa a notificación do trámite de información pública aos propietarios de terreos afectados.

Así mesmo, durante este prazo de información pública, deberase solicitar ás **administracións competentes os informes sectoriais necesarios**.

Cumpridos estes trámites o pleno aprobará provisionalmente o contido coas modificacións pertinentes e someterao, co expediente completo ao órgano autonómico competente que deberá aprobalo definitivamente.

O Pleno da corporación por unanimidade acorda :

1.- Aprobar inicialmente a modificación puntual das normas subsidiarias municipais do planeamento, para a regulación do uso agropecuario nos solos non urbanizables.

2.- Someter este acordo a información pública durante 1 mes, mediante a publicación no diario oficial de Galicia e en dous xornais de maior difusión da provincia.

3.- Dar audiencia durante o prazo de 2 meses aos municipios limítrofes.

4.- Solicitar os correspondentes informes sectoriais aos organismos que procedan.

7.Información alcaldía.

Dase conta das Resolucións ditadas desde o día 10 de novembro de 2009 ata o día 30 de decembro de 2009.

Así mesmo o sr. alcalde informa que no mes de febreiro, posiblemente serán convocados para o informe do presuposto xeral 2010.

8.Rogos e preguntas.

O sr. Viaño do P.S.de G. fai os seguintes

Rogos:

- 1) Que se arranxe unha fochanca que hai diante do bar “Abadía “, en Oural.
- 2) Que se solicite ao concello de Vila de Cruces que axilize a dixitalización do reemisor de Gres, concretamente do repetidor de Castromouro.

Preguntas:

- 1) Cando pensan pintar o resto da pista da Igrexa a Deseiro (Sergude).

Responde o sr. alcalde: fixéronse as beirarrúas e por outro lado o tempo non o permiteu. Está pendente de facer o mesmo que na estrada de Lestedo.

2) Qué contraprestacións temos polo contrato de mantemento de alumeados? Pois hai farois sen arranxar e descontrol no acendido e apagado e sempre que hai que efectuar algunha reparación faina outra empresa

3) Qué pasa coas mocións aprobadas en relación con este tema ?

- Faroís en Deseiro á N-525 (Pleno 2007)
- Zona de Santos
- Punto de luz en Castro ao lado da marquesina

De qué sirve aprobar as mocións?

Resposta do sr. alcalde: Aprobamos un proxecto de ampliación de alumeados de 73.473,34 €, que na Xunta de Goberno do 7 de xaneiro deste ano 2010 foi adxudicado definitivamente a ALUMEA S.C. en 73.362,80 e (IVE engadido).

Respecto ao contrato de mantemento, falaremos co contratista a fin de que cumpla correctamente a súa función e cumpra o contrato e se hai deficiencias e non cumpre tomaranse as medidas necesarias.

4) Cal foi a razón pola que non se aprobou en pleno os proxectos do fondo estatal, nin se nos consultou nada ? Foi un desprezo cando se trata dun fondo saído do noso grupo político.

Cales foron os criterios empregados para facer esas obras? Por qué coinciden coas obras do plan do fondo local para investimentos locais?

Resposta o sr. alcalde que se pretende regularizar todo o firme, aglomerar toda a pista. Tratamos de facelo o mellor posible.

Aprobamos na xunta de goberno do 16/12/2009 :

- Un proxecto de 87.785,07 € a incluír no plan de infraestruturas rurais.
- Un proxecto de 79.414,24 € a incluír no plan estratéxico de infraestruturas do medio rural.
- Os proxectos do fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local, por importe de 385.537 € (máis 95.000 € para gastos correntes).

Agora mesmo temos 300.000 € esperando para obras de urxencia.

O sr. Viaño di que se debe facer prioridade na calidade das vías e non poñer aglomerado enriba de pistas anteriores.

O sr. alcalde di que en canto ao plan estatal, e posible que se teñan que cambiar os proxectos porque o Real Decreto crea este fondo para o emprego e a sostibilidade local, e só permite a concellos de menos de 2.000 habitantes realizar obras de mellora das redes viarias.

En principio (segue dicindo o sr. alcalde) nunha xuntanza que tivemos dicían que sí se podían facer pero agora o técnico estatal di que non asinará ningunha destas obras, polo que os concellos terán que efectuar outro tipo de proxectos máis sostibles.

5) Na Xunta de Goberno do 16/12/2009 aprobáronse os proxectos de acondicionamento das prazas públicas de Sergude e Boqueixón e o proxecto de construción e reforma de parques en varias parroquias.

Sorprendeume este acordo porque unha vez máis demostrase que non se establecen prioridades, porque senón non se explica porqué están sen arranxar as depuradoras.

Sen embargo proxéctanse pistas de padel e ademais na praza pública de Boqueixón creo que imos coller unha zona morta e poñer puntos de luz ¿ para qué ?. É unha inversión para arranxar un trozo de terreo para obter votos.

Por outro lado invertimos 72.000 € aboados a un ex concelleiro por unha leira que se xustificou para un centro de día.

Polo tanto, a que ven agora facer esta obra. Para qué necesita Sergude un campo de pádel se este non é un deporte de base. Non invirtan en pistas deportivas que non se van a utilizar, todo isto é un despropósito.

6) Qué pasa coa praza pública de Lestedo?

Para qué se invertiron 35.000 € en magnolias e céspede? Para subir cos coches enriba do céspede.

Pregúntalle o sr. alcalde cal é a súa proposta .

Responde o sr. Viaño que en Rodiño hai cousas que facer, tal como dixo o concelleiro Santasmarinas Devesa.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Vº e pr.
O alcalde